



O CIRCO MÁIS ALÓ DA CARPA

Claves para a súa programación

www.apcg.gal

O Circo tradicionalmente caracterízase por ser un tipo de espectáculo totalmente autónomo no que se refire ao espazo de representación, contando con toda a infraestrutura propia, típicamente unha carpa cunha pista no medio.

Porén, o Circo xa fai anos transcendeu as fronteiras da carpa no que se deu en chamar Novo Circo, conquistando espazos de representación coma teatros ou xerando de maneira efémera espectáculos na rúa para desfrute de todos.

Nestes novos espazos, os e as artistas de circo precisan a colaboración estreita dos profesionais que os han de coordinar para a realización dos mesmos nas condicións óptimas co gaio de maximizar o desfrute das persoas asistentes ao espectáculo.

FOTO: Marta Sempre Arriba



CONCEPTOS IMPORTANTES REFERENTES AO CIRCO.

Espectáculo: evento completo dunha duración determinada que pode incluír a un ou a varios artistas.

Número ou acto: Cada unha das pequenas partes que conforman un espectáculo e que, no circo, moitas veces teñen entidade propia e poden ser representados illadamente.

Varieté ou Cabaret: Espectáculo composto por números de diversas artistas, artellados as máis das veces ao redor dunha persoa que exerce como mestra de cerimonia, pero non necesariamente.

DISCIPLINAS



Pablo Reboleiro
(PistaCatro) – Mazas



Aitor Garuz (PistaCatro)
Bolas de rebote

Malabares: Técnica que consiste no lanzamento (e recollida) de elementos que poden ser ao aire (mazas, aros, pelotas, caixas de cigarros) ou a unha superficie (pelotas de rebote). Existen diferentes estilos sendo dos máis coñecidos o denominado “clásico”, consistente en lanzamentos moi rápidos e un enfoque primordial no virtuosismo e o “contemporáneo”, no que prima a plasticidade visual e a mistura con outras técnicas coma a danza ou a acrobacia. Cada vez máis existen espectáculos que xogan co movemento de elementos convencionais non considerados “malabares” convertíndoos en malabares a través do mesmo. Os malabares poden ser individuais ou en grupo (o denominado passing)


Equilibrios con obxectos: unha das técnicas que máis habitualmente se combina con malabares, consistente en manter en equilibrio entre si ou sobre diversas partes do corpo un ou varios obxectos, xa sexa estáticos ou en movemento. Un dos números tradicionais desta técnica son os pratos chineses, nos que as artistas han de manter en equilibrio sobre un pao fino uns pratos xiratorios.

Cando os equilibrios ou o movemento dos elementos realízanse cos pés, esa técnica denomínase **Antípodismo**.

Henriko
Equilibrios



Equilibrios co corpo: cando é o propio corpo do ou da artista o que se sostén, podemos diferenciar por un lado as disciplinas nas que o corpo se sostén a si mesmo cunha soa parte de corpo en contacto co chan, coma na parada de mans ou a parada de cabeza, xa sexa tanto directamente sobre o chan coma enriba de elementos coma os tacos ou pulls, uns agarradoiros rectangulares aos que se aferran as persoas que practican esta técnica tamén coñecida coma verticais.



Pablo Reboleiro
Parada de Mans

Henriko
Monociclo
Xirafa



Paula Quintas - Arame
FOTO: Alberte Peiteavel

Por outro lado estarían as técnicas nas que o equilibrio se efectúa sobre un elemento que dificulta o mesmo; portátil coma o rulo ou rolabola, a pelota de equilibrios ou o archicoñecido monociclo,

ou ben estrutural, coma no caso do arame ou da corda frouxa, sendo que existen multitude de elementos sobre os que efectuar equilibrios e moitas veces mesmo se combinan para darlle maior risco ao acto.



Rogelio (AsSircópatas)
Corda Frouxa

Aéreos:

Técnica desenvolvida en aparellos elevados sobre o chan, que poden ser fixos, é dicir, simplemente colgar (os máis comúns: corda, tela, trapecio e aro) ou ter algún tipo de voo (os máis comúns corda mariña e trapecio).

Marta (Sempre Arriba)
Telas aéreas



Segundo o tipo de voo se diferencian “mini-volant”, “volant” e “grande volant” no que troupes de trapecistas se intercambian no aire entre un aparato e outro no que vén a ser a imaxe icónica do circense. Outra estrutura de aéreos de dúo con voo menos coñecidas é o trapecio coreano, no que os portores (os que axudan aos voadores a voar) están fixos na estrutura.

Algúns elementos aéreos, coma os straps ou cintas aéreas, adoitan traballarse cun motor de elevación ou cun polipasto (sistema de poleas manual) que os sitúa a distintas alturas segundo o momento do número, e que ha de estar operado dende fora do escenario por un profesional que coñece o número en profundidade e que traballa en perfecta sintonía co artista en escena.



Sue Moreno – Trapecio

Recentemente estase a revitalizar unha técnica do circo clásico case esquecida, a suspensión capilar, na que as persoas elévanse no aire sostidas polo seu pelo peiteado nun moño cunha argola.

Acrobacias: Técnica de chan que pode desenvolverse en solitario, en dúo o en troupe que potencia o traballo co propio corpo en equilibrio e o movemento no aire. Un clásico das acrobacias de dúo é o *adagio*: unha sorte de danza delicada na que se potencia o virtuosismo con movementos lentos e equilibrados.

Na acrobacia a dúo a figura hexemónica é o man a man, no que unha das artistas sostén á outra en vertical (a figura coñecida coma “o pino”).

En grupo unha das técnicas máis habituais é a banquina, na que varias persoas portoras unen forzas para elevar aos voadores. De cara a amplificar a altura das acrobacias pódense empregar elementos coma as de sobra coñecidas camas elásticas (ou o seu irmán pequeno, o mini tramp), ou elementos menos comúns coma básculas (aparells nos que unha das artistas salta sobre un extremo para, grazas á palanca efectuada sobre un punto de apoio, axudar aos compañeiros a saltar) ou a barra rusa, unha barra longa e flexible que as portoras sosteñen sobre os ombreiros axudando a impulsar á persoa que fai de volante. Dentro das acrobacias inclúese o mestre chinés, estrutura tubular que se sostén sobre o chán e sobre a que trepan as intérpretes para dende as alturas efectuar espectaculares acrobacias.



Cirkompacto
Dúo Acrobático



Greta Marí – man a man

Nun número de dúo ou troupe, se a persoa que sostén e move á outra o fai cos pés, esa técnica denomínase **lcarios**.

Dous elementos que combinan a acrobacia individual con aparatos son as **Rodas Alemana e Cyr** (esta última perfeccionada e nomeada por Daniel Cyr, do Cirque Eloize) coas que as artistas xiran sobre o chan efectuando movementos armónicos e hipnóticos.



Pablo Reboleiro
Roda Cyr

Os aparellos e as técnicas de circo están en constante evolución a través de procesos de investigación que provocan que sexa un sector dinámico e difícil de catalogar.

Parella a estas técnicas está a do **Clown**, coa que moitas delas se mesturan, que consiste en buscar a comicidade a través de personaxes con universos propios nos que a lóxica non se constrúe do mesmo modo que o sentido común, con elevadas doses de emocionalidade, inocencia ou absurdo.

Moitos clown practican o humor físico (comedia baseada en golpes, tropezoños e caídas), a acrobacia excéntrica (acrobacias con finais inesperados), as colaboracións co público, nas que as espectadoras pasan a formar parte activa do espectáculo, e tamén incorporan números do resto das outras técnicas circenses ou de disciplinas irmás coma a danza ou a música, sempre dentro dese universo construído arredor da personaxe.



CRUNCH de Muuu!

Dentro do sector adóitase denominar paiaos aos que actúan nas carpas facendo números nun rexistro máis clásico e clowns aos que teñen espectáculos propios longos, máis ámbolos dous termos son perfectamente intercambiables.



Outono de Pistacatro

No circo contemporáneo os espectáculos adoitan ter unha duración de entre 45 minutos e 1h15 e estar compostos de diversos números de técnicas diversas. Ás artistas que se xuntan para crear un espectáculo que se escenifica de maneira estable denomínaselles **compañía**.



Mal de Tontos de Cirkompacto

Programar Circo na rúa

Sendo como é un espectáculo axeracional e apto para diversas sensibilidades, o Circo é unha grande aposta para programar en rúa, un modo democrático de achegar a cultura á cidadanía.

Porén, para que os espectáculos de circo sexan representados e desfrutados adecuadamente é preciso ter en conta unha serie de circunstancias:

O terreo: Os espectáculos de circo ás veces precisan estruturas que deben ser ubicadas sobre terreos lisos. A meirande parte das estruturas son autoportantes, é dicir, que non precisan suxeccións ao chan nin pesos, pero en caso de precisar pesos, haberá que asegurarse de que as instalacións sexan capaces de soportar os mesmos: en prazas con construcións subterráneas coma aparcamentos será preciso estar atentas á capacidade do chan en cada punto onde se vaian ubicar os pesos. Asimesmo, as acrobacias de chan e os equilibrios precisan un chan liso e sen inclinación, ou o desenvolvemento dos números pode ter unha perigosidade engadida á intrínseca dos mesmos.

Por outro lado, algúns espectáculos de circo precisan espazos amplos para ser representados e non poden levarse a cabo sobre un escenario: a existencia de escenarios e a posibilidade de actuar neles debe ser acordada coa artista con suficiente antelación para evitar imprevistos.



Estructura de aéreos – Sue Moreno

A temperatura: Moitos dos aparellos que se van usar durante o espectáculo poden quentarse e queimar se están ao sol, así coma o linóleo que moitos espectáculos empregan para cubrir o chan; igualmente os actos que inclúen maior implicación física supoñen un desgaste maior se a temperatura é alta e poden conlevar golpes de calor. Por iso debería-se evitar programar ás horas máis calurosas e/ou a pleno sol.

A luz: Hai que procurar que o sol non impacte de maneira directa nin no artista nin nos espectadores, no caso das artistas, sobre todo no caso de equilibristas e malabaristas, os raios do sol poden impedir que poidan desenvolver os seus actos adecuadamente. No caso dos espectadores, o sol na cara vai facer menos agradable o espectáculo e mesmo pode provocar que marchen ao non poder ver o mesmo sen danar a súa visión. Por outro lado, tamén pode darse a situación contraria: dado que os espectáculos de circo de rúa adoitan estar pensados para representarse durante o día, non adoitan contar con iluminación. É por isto que cando se programen espectáculos a horas próximas ao solpor será preciso contar con reforzos de iluminación: a iluminación urbana non é suficiente para iluminar o espazo escénico e pode xerar sombras que impidan o correcto desfrute da obra por parte de tódalas persoas do público. Recoméndase, nestes casos, contratar unha empresa especializada en iluminación escénica que dispoña de equipamento profesional, garantindo así unha visibilidade óptima e unha experiencia de calidade para todo o público.

A chuvia: É importante ter previsto un espazo alternativo con capacidade suficiente en caso de que a previsión meteorolóxica non sexa favorable. Igualmente, moitos espectáculos dispoñen de casuísticas distintas no caso de seren representados baixo

teito, co cal o cambio a un interior é preferible que sexa avisado con antelación suficiente para efectuar a carga do material necesario.

Non todos os espectáculos poden adaptarse a calquera espazo cuberto, polo que é importante valorar alternativas con tempo.

O lugar onde cambiarse: Moitas das artistas de circo empregan vestiarios delicados e extravagantes; engadido a isto, o calzado adoita a ser moi específico e ter sola moi fina, co cal non está preparado para camiñar pola rúa, cando non se actúa directamente descalzo, polo cal é recomendable dispor un espazo para cambiarse as artistas o máis próximo posible ao espazo de actuación, cun aseo a disposición en exclusiva das intérpretes. Idealmente, en determinados espectáculos, será preciso que as artistas dispoñan de un espazo o suficientemente grande como para poder quecer, para o que precisan poder saltar e moverse con algo de liberdade para favorecer que os músculos se preparen para a actividade física intensa que están a piques de realizar. Ter auga fresca a disposición das artistas antes e despois do espectáculo será algo que agradecerán profundamente.

A disposición do público: A diferenza dos concertos, nos espectáculos de novo circo malia que se busca a animación do público, tamén existe unha parte teatral (denominada dramaturxia) que esixe a atención das espectadoras e isto poténciase cunha audiencia correctamente sentada. O circo tradicionalmente se representa coas espectadoras case en 360° ao redor das artistas. Sen embargo algunhas das artistas que actúan en rúa prefiren ter unha parede detrás para limitar a 180° a zona cara á que teñen que traballar. Sexa como for, o público en circo de rúa preferentemente se dispón en semicírculo ao redor do artista, máis que de maneira totalmente frontal.

Condicións que impactan na ubicación e participación do público: A existencia de bancos públicos nunha zona relativamente cercana á actuación en ausencia de cadeiras provocará que as espectadoras se sitúen neses bancos, dificultando o correcto desenvolvemento do espectáculo ao ter aos espectadores demasiado lonxe. Sucederá o mesmo en casos nos que a audiencia se sitúe a pleno sol nas horas máis calurosas do día: buscarán unha sombra salvadora malia que teñan que ver o espectáculo dende 20 ou 30 metros de distancia. Igualmente programar un espectáculo nunha zona de bares con terraza provocará que unha parte importante do público quede nas terrazas, demasiado lonxe para desfrutar o espectáculo correctamente.

Fomentar a convivencia familiar nos espectáculos: Salvo que sexa un espectáculo expresamente categorizado coma "infantil", a meirante parte dos espectáculos están orientados a audiencias diversas nas que persoas adultas e nenas conviven e desfrutan xuntas. É por isto que é interesante invitar a que as persoas que acompañan aos nenos e nenas queden con eles a ver o espectáculo, prevendo o espazo de tal modo que as familias poidan desfrutar xuntas e non teñan que estar os pequenos por un lado e os maiores polo outro.

Seguridade: Malia que moitas veces as artistas de circo invitan a espectadores a subir ao escenario, é interesante evitar as intrusionas non desexadas de público no mesmo. Unha ou dúas persoas atentas ás sináis das artistas poden axudarlles a saír de situacións comprometidas con espectadores que se atopen fora dos seus cabais debido a consumos alcohólicos. Asimesmo, haberá de invitarse ás persoas que acudan con nenos a estar pendentes dos mesmos e a coidar os seus comportamentos: en caso contrario pode ser moi perigoso tanto para os menores como para as artistas.

Unha ou dúas persoas atentas ás sinais das artistas poden axudarlles a saír de situacións comprometidas con espectadores que se atopen fora dos seus cabais debido a consumos alcohólicos. Así mesmo, haberá de invitarse ás persoas que acudan con nenos a estar pendentes dos mesmos e a coidar os seus comportamentos: en caso contrario pode ser moi perigoso tanto para os menores como para as artistas.

Programar Circo en Sala

nas programacións regulares dos espazos escénicos está a introducirse cada vez máis o circo, e isto supón un reto para as persoas que os coordinan, pero existen estratexias para solventar as dificultades que poida acarrear.

Cargas humanas na maquinaria escénica: A meirande parte dos pequenos espazos teatrais non dispoñen de personal encargado do rigging, a área destinada á seguridade dos elementos que se colgan, área especialmente importante no circo, por iso é importante previamente recompilar información para facilitar ás artistas que van ter que colgar aparellos da disposición das varas do teatro, de se existe posibilidade de enganche ás mesmas para permitir a carga humana ou se é imperativo colgar do peine, e, en cada caso, a altura á que se atopará o punto de suxeición do aparello para que as artistas preveñan a cantidade de eslingas (cintas de seguridade para colgar os aparellos) que van precisar para compensar todos eses metros de máis ata o punto de enganche, ou mesmo para que adapten os seus números posto que moitos metros de eslinga poden provocar maior movemento do aparello facendo interesante por iso mesmo evitar trucos de equilibrios que precisen que o mesmo non se desprace en exceso.

En caso de non ter un lugar seguro onde colgarse, as artistas aéreas adoitan dispor de estruturas para colgarse propias, mais será preciso confirmar que se conta co espazo preciso (ancho, fondo e altura) para a montaxe da mesma sobre o escenario, e de que soportará ese peso.

A iluminación: Como en todas as representacións, no circo en sala a iluminación xoga un papel fundamental, proporcionando plasticidade aos espectáculos e apoiando a creación de atmosferas e emocións. Non entanto, tal e como ocorre co sol, os focos poden resultar cegadores e dificultar notablemente a realización de actos de malabarismo e acrobacias, polo que é crucial prestar especial atención aos seus enfoques neste tipo de espectáculos. Ademais, é esencial ter tempo abondo para a montaxe contando con que remate tempo abondo antes da representación, permitindo que as artistas realicen un adecuado quentamento antes de actuar para así minimizar o risco de lesións ou accidentes.

O circo para adultos: Existen, e cada vez máis, espectáculos de circo pensados para público adulto. Isto normalmente non implica que sexan non aptos para menores de idade, senón que as linguaxes e as temáticas tratadas conectarán mellor con xente adulta e as nenas e nenos sentiranse por norma xeral desconectadas e aburridas. Nestes casos é importante informar ao público do ton do espectáculo para que as persoas responsables das crianzas valoren se vai ser un espectáculo atractivo para eles particularmente, dependendo da súa madurez coma espectadores e das ganas que teñan, posto que está moi interiorizado o circo coma espectáculo moi pensado para nenos e iso pode levar aos espectadores a non prestar suficiente atención ás sinopses e programas dos espectáculos que van a ver.

WWW.APCG.GAL

EDITA: APCG 2025

ELABORACIÓN E DESEÑO:
Malala Ricoy

COLABORAN



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Deputación
DA CORUÑA